

Ensino privado

Concerto Automático

Milagros Portabales
Delegada Sindical pola Fed. do Ensino

A especialísima situación do Ensino Privado ben merece ser coñecida. Na primeira ollada, aparentemente non existe ningún problema neste sector, a casi totalidade dos centros privados están concertados.

Esto levaríanos a pensar inmediatamente que esta Comunidade Autónoma é diferente. Claro está que poderíamos tamén creer que os Centros Privados do Ensino en Galicia cumpren tódalas condicións necesarias e os requisitos mínimos para concertar; deberíamos entender cecais que se imparte o ensino sen ánimo de lucro, como tal servizo público que é (ou debería ser). ¿E, por que non teríamos que creer que se realiza aquí unha inversión de Fondos Públicos para a creación dunhas adecuadas instalacións? Deberíamos creelo, sería un razonamento tóxico.

Dende principios do curso pasado, antes da renovación dos concertos, os sindicatos reclamamos a constitución dunha comisión tripartita (Sindicatos, Consellería de Educación e Patronal) para estudar a problemática que se poidese derivar da non concesión e renovación de concertos. Sería un atrevimento asegurar que a comisión chegouse a constituir, aínda que si houbo encontros esporádicos. E entón cando a Administración nega a existencia de problema algún relacionado coa próxima concesión de concertos, tan só recoñece pequenas dificultades de ratio nun par de centros sen que elo xustifique a necesidade da existencia de dita comisión para avaliar e cuantificar o alcance previsible da futura crise dos centros do ensino privado, e a participación na mesma dos sectores implicados.

Diante desta evidencia e a pesar da actitude dilatoria da Administración, os sindicatos representativos do sector (FE de CC.OO., FETE-UGT, FSIE e USO) creamos unha comisión de traballo e elaboramos unha proposta de documento de Centros en Crise que posteriormente suscribiu con nós a patronal no medio dun grande montaxe publicitario co que se intentaba recabar a atención da Consellería de Educación.

O acordo garante o emprego do colectivo que resultase afectado polo peche dos colexios. Os empresarios se comprometían a ofertar un posto de traballo nun centro concertado os traballadores e traballadoras procedentes dos colexios en crise que optasen por seguir como profesionais do ensino, os que non quixesen poderían optar por recibir unha indemnización.

Tamén se contempla en dito acordo a redución de xornada para traballadores maiores de 55 anos, a xubilación anticipada voluntaria os 60 anos, cubríndose as vacantes co profesorado procedente dos centros en crise. Os empresarios, no caso de ter que aumentar a plantilla dos seus colexios, darían prioridade as persoas afectadas. A oferta de postos de traballo permanentes ó colectivo afectado pola situación de Centros en Crise sería efectuada en todo o territorio galego. Estes son algúns dos aspectos que se recollen

no acordo que se pretendeu pactar coa Consellería, acordo de carácter indefinido ata a total recolocación de tódolos afectados.

Sindicatos e empresarios confiabamos que a Consellería de Educación aceptaría e asinaría as condicións do acordo xa que a Administración Educativa tiña suscrito xa documentos semellantes noutras comunidades, e..., pero..., é diferente. No lugar de iniciar a negociación, elude o seu compromiso e rechaza a alternativa presentada polos sindicatos e a patronal.

A Consellería de Educación prefire manter a súa peculiar política educativa e renovar os concertos a tódolos centros que o soliciten, cumplan ou non os requerimentos necesarios, encubriendo deste xeito unha crise que se nega a recoñecer. Coa súa actitude a Administración fai dexación de responsabilidade o soste con Fondos Públicos centros que non reunen as condicións mínimas e conculcan o espírito da LODE, centros que realizan cobros irregulares os pais, centros que teñen unhas instalacións deficientes e que exercen un forte control ideolóxico sobre o profesorado.

Este ano renovaron tódolos concertos, incluso os de aqueles centros con despidos improcedentes de persoal laboral. Ademais, subvencionaron unha ducia deles con cláusulas provisionais, en vez de buscar e proporcionar unha solución que posibilítase a recolocación dos traballadores e traballadoras destes centros privados con dificultades vara proseguir a súa actividade.

De total inhibición debemos calificar a actitude da Consellería o non tomar as medidas oportunas nin actuar coa urxencia necesaria para adiantarse a crise que empeza a experimentar o sector, entre outros motivos polo descenso demográfico. Na actualidade coexisten centros públicos con insuficiente matrícula con coléxios privados concertados con instalacións deficientes e sen matrícula, pero se lles sigue á otorgar axudas e mantendo a subvención.

Para a Federación do Ensino de CC.OO. é necesario clarificar a situación dos centros no lugar de ocultala mediante a concesión de concertos provisionais ou condicionados que, en calquera momento, poden dar lugar a unha seria crise do sector, moito máis difícil de abordar. Mención aparte merece o despilfarro de diñeiro público que supón o mantemento de dúas redes, pública e concertada, en precario pola falta de decisión política de Administración que opta pola máis cómoda posición de darlle as costas os problemas e facer como se non os houbera.

Queremos unha solución real, un acordo de futuro, unha alternativa preventiva diante do que vai chegar a ocorrer, non queremos o que xa esta ocorrendo: «A crónica dunha crise anunciada».